

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 19 de xaneiro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dezanove de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33361.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de xaneiro de 2024.

2.33362.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA “SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN PARA OS CENTROS, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.
(Expte. 2023021435)

A Deputación de Pontevedra dispón de varios puntos de subministración de enerxía eléctrica para atender as necesidades derivadas da súa actividade. O obxecto da presente contratación é garantir a subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión que resulta imprescindible para o axeitado funcionamento dos distintos centros, edificios e instalación dependentes da Deputación de Pontevedra.

Coa presente contratación se pretenden conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Cubrir as necesidades existentes de enerxía eléctrica
- b) Optimización das tarifas para todas as subministracións contratadas.
- c) Obtención de aforros significativos na facturación global das subministracións dos centros de consumo.
- d) Simplificación na xestión do contrato e no tratamento das incidencias



No prego de prescrición técnicas detállanse os consumos estimados de cada inmoible. As ditas estimacións indícanse so a título orientativo, de modo que a Deputación poderá efectuar un consumo menor ou maior ao previsto, dentro do límite máximo do crédito dispoñible para esta finalidade durante a vixencia do contrato.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (art. 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público), así como, os aspectos relacionados coa “natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirose mediante o contrato obxecto deste expediente”, a idoneidade desta contratación fundaméntase na inescusable necesidade de manter operativas as diferentes instalacións dos centros da Deputación de Pontevedra que requiren para o seu funcionamento enerxía eléctrica.

A necesidade desta contratación queda xustificada ademais na liberalización no sector enerxético eléctrico nacional a través da Comisión Nacional da Enerxía, resultando obrigatoria a contratación dun provedor de enerxía eléctrica para os consumidores.

A eficiencia e o aforro enerxético constitúen obxectivos prioritarios para a administración ao contribuír á dobre finalidade de austeridade e sustentabilidade financeira do sector público, coa correspondente redución da factura enerxética, por iso é necesario promover a contratación da subministración de enerxía eléctrica. Preténdese conseguir un aforro nos custos de enerxía e unha mellora na eficiencia enerxética nos termos de redución de custos económicos.

En base ao exposto, con data 28/10/2023 o Deputado Delegado de Equipamentos Públicos e Acción Comunitaria dita providencia na que propón que se inicie o expediente para a contratación da Subministración de enerxía eléctrica en alta tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra, por estimarse xustificada a súa necesidade para o axeitado funcionamento dos distintos centros, edificios e instalación dependentes da Deputación de Pontevedra.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 1 anualidade, coa posibilidade de 3 prórrogas por un máximo dunha anualidade cada unha delas, e un orzamento base de licitación de 1.450.227,59 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 08/01/2024, a Intervención emite informe (CSV: ZA4STKGX4AWL2V9P) no que se sinala que nas aplicacións do vixente orzamento provincial que se indican no informe existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto da anualidade 2024, a cuxo efecto se emitiron os correspondentes documentos RC.

Tendo en conta que, con data 12 de xaneiro de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións. O procedemento a aplicar é o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 05/12/2023.



Vistas as aclaracións e emendas realizadas na documentación preparatoria do expediente, polo servizo de Arquitectura, reflectida no seu informe de data 03/01/2024 (CSV: 5C9WAQ8MTOM7GENY)

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 12 de xaneiro de 2024.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministración os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, con o sen opción de compra, de produtos ou bens mobles (...). En todo caso, considérase contratos de subministración os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración será dun ano a partir da data de inicio da subministración pola comercializadora adxudicataria, que terá un prazo máximo de 3 semanas, dende o día seguinte á data de formalización do contrato, para realizar os novos contratos de acceso ás redes de distribución ou cambio efectivo das empresas comercializadoras.

Establécese a posibilidade de 3 prórrogas cunha duración dun máximo dunha anualidade cada unha.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 1.450.227,59 euros.

O valor estimado é de 5.513.261,87 euros.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 9LIJ55LAMJIG5EKQ) e de prescricións técnicas (CSV: 7ELNY8LQHRWI1TA6) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.450.227,59 €, que irán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2024 (abril - decembro)	Arquitectura	920.9200.221.00 Pazo Provincial	48.321,29 €
		920.9200.221.00 Edificio Administrativo	75.846,16 €
		920.9200.221.00 Sede de Vigo	10.841,30 €
		920.9200.221.00 Rúa Nova de Abaixo 1ºdrto (Pontevedra)	71,37 €
		920.9200.221.00 Rúa Pico del Alba 1ºIzq (Madrid)	51,47 €
		920.9200.221.00 Rúa Coruña 26 (Tui)	408,88 €
	Turismo Rías Baixas	433.4320.221.00 Palacete das Mendoza	12.891,91 €
		433.3360.221.00 Castelo de Soutomaior	12.541,85 €
		433.3363.221.00 Castelo de Sobroso	6.465,69 €
	Asistencia Intermunicipal	923.1623.221.00 Oficina Revitaliza	2.758,60 €
	Cooperación cos municipios	942.4330.221.00 Viveiro de Barro (Servizos xerais, Of. 14 e 15)	43.938,02 €
		942.4330.221.00 Viveiro de Lalín	7.197,74 €
	Finca Mouriscade	410.4120.221.00 Laboratorio Finca Mouriscade	58.689,83 €
	Infraestruturas	456.4530.221.00 Parque Maquinaria Barro	25.387,58 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Lalín	2.182,15 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Gondomar	2.776,70 €
		456.4530.221.00 Ponte de Catoira	5.682,68 €
	Medio Ambiente	410.4100.221.00 Lodeiro 1 (Campo Lameiro) Coto Cutián	342,97 €
	Areiro	413.4123.221.00 Estación Fitopatolóxica Areiro	65.249,87 €
	ORAL	932.9320.221.00 Oral Pontevedra: Av. Marín 19 e Av. Marín 9	22.712,69 €
		932.9320.221.00 Oficinas periféricas: A Estrada, O Porriño, Moaña, Vilanova de Arousa, Nigrán, Caldas de Reis, Tui, Sanxenxo, Lalín e Pontearreas	23.230,59 €
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 1	145.140,11 €
		232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 2	112.463,59 €
		232.2312.221.00 Rúa Amado Carballo 10D e Rúa Amado Carballo 2B	112,89 €
	Museo de Pontevedra	333.3330.221.00 Ruínas de Santo Domingo	839,06 €
		333.3330.221.00 Fernández López	29.111,09 €
		333.3330.221.00 Edificio Castelao	372.414,61 €



Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2025 (xaneiro - marzo)	Arquitectura	920.9200.221.00 Pazo Provincial	16.107,10 €
		920.9200.221.00 Edificio Administrativo	25.282,05 €
		920.9200.221.00 Sede de Vigo	3.613,77 €
		920.9200.221.00 Rúa Nova de Abaixo 1ºdrto (Pontevedra)	23,79 €
		920.9200.221.00 Rúa Pico del Alba 1ºIzq (Madrid)	17,16 €
		920.9200.221.00 Rúa Coruña 26 (Tui)	136,29 €
	Turismo Rías Baixas	433.4320.221.00 Palacete das Mendoza	4.297,30 €
		433.3360.221.00 Castelo de Soutomaio	4.180,62 €
		433.3363.221.00 Castelo de Sobroso	2.155,23 €
	Asistencia Intermunicipal	923.1623.221.00 Oficina Revitaliza	919,53 €
	Cooperación cos municipios	942.4330.221.00 Viveiro de Barro (Servizos xerais, Of. 14 e 15)	14.646,01 €
		942.4330.221.00 Viveiro de Lalín	2.399,25 €
	Finca Mouriscade	410.4120.221.00 Laboratorio Finca Mouriscade	19.563,28 €
	Infraestruturas	456.4530.221.00 Parque Maquinaria Barro	8.462,52 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Lalín	727,38 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Gondomar	925,56 €
		456.4530.221.00 Ponte de Catoira	1.894,23 €
	Medio Ambiente	410.4100.221.00 Lodeiro 1 (Campo Lameiro) Coto Cutián	114,32 €
	Areiro	413.4123.221.00 Estación Fitopatolóxica Areiro	21.749,96 €
	ORAL	932.9320.221.00 Oral Pontevedra: Av. Marín 19 e Av. Marín 9	7.570,90 €
		932.9320.221.00 Oficinas periféricas: A Estrada, O Porriño, Moaña, Vilanova de Arousa, Nigrán, Caldas de Reis, Tui, Sanxenxo, Lalín e Pontearreas	7.743,53 €
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 1	48.380,04 €
		232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 2	37.487,86 €
		232.2312.221.00 Rúa Amado Carballo 10D e Rúa Amado Carballo 2B	37,63 €
	Museo de Pontevedra	333.3330.221.00 Ruínas de Santo Domingo	279,69 €
		333.3330.221.00 Fernández López	9.703,70 €
		333.3330.221.00 Edificio Castelao	124.138,20 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.



4.- Nomear responsable do contrato a Antonio Giráldez da Cruz, Enxeñeiro Técnico Industrial do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

3.33363.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO “SERVIZO DE ENSILADO, SEMENTADO, APLICACIÓN DE HERBICIDA, ABONADO E ROZA DAS PARCELAS DA FINCA MOURISCADÉ”. (Expte.2023069636)

A Finca de Mouriscade ten como un dos seus obxectivos mellorar a calidade das explotacións gandeiras da provincia a través do servizo de transferencia embrionaria. Este servizo de transferencia de embrións lévase a cabo mediante a extracción de embrións dos animais que hai na propia finca, debido a que son de alta cualificación xenética, e implántanse nas explotacións gandeiras da provincia que así o requiran, sendo de aplicación os prezos públicos vixentes.

O programa de mellora xenética desenvolvido na Finca Mouriscade ten como finalidade mellorar as condicións do sector primario, facendo explotacións cada vez máis eficientes, o que facilita a fixación de poboación no rural. Este programa lévase prestando dende fai moitos anos polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar o programa as cambiantes necesidades do sector.

Este gando aliméntase mediante compras directas de produtos alimenticios e tamén mediante a colleita dos forraxes que producen as parcelas da propia finca.

A produción de forraxe é estacional, habendo épocas (fundamentalmente primavera) nas que os animais non consumen toda a forraxe existente, e outras nas que a produción de forraxe (verán e inverno) non é suficiente para a alimentación dos animais. Por este motivo hai que recoller, almacenar e conservar adecuadamente o excedente de forraxe de determinadas épocas do ano para despois usalo nas épocas en que escasea ou simplemente non hai forraxe.

Un método de almacenamento e conservación de forraxe é o ensilado, que basicamente consiste na corta, presecado, recollida e picado da forraxe e transporte a un lugar onde se amontoa para ser compactado adecuadamente eliminando, o máximo posible, o aire e despois tapase mediante unha lámina plástica procurando evitar a entrada de aire para que, en ausencia de osíxeno, se produza unha fermentación anaeróbica que fai que ese forraxe se conserve durante moito tempo e sexa apetecible para que os animais e teñan alimento durante todo o ano. Así recolleita do forraxe debe de facerse na época óptima.



A Deputación de Pontevedra carece dos medios materiais e humanos necesarios para a realización deste servizo, polo que é necesario acudir a unha contratación externa.

Por todo o exposto en data 17/11/2023 a Xefa do servizo de Medio Ambiente coa conformidade do Deputado delegado informa que coa finalidade de alimentar os animais existentes na Finca Mouriscade, é necesario iniciar a contratación dunha serie de traballos con maquinaria especializada e suficiente nas parcelas dedicadas a cultivo.

O contrato proposto ten un prazo de duración de un ano, coa posibilidade de dúas prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 44.917,62 euros, IVE engadido. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que a Intervención emite documento de retención de crédito núm. 202400008400 por importe de 44.917,62 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/410.4120.227.99 do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 12/01/2024 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 12/12/2023 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 15/12/2023 e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 18/12/2023 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 15/01/2024 e csv DMG4LY2HQVE9J3LD.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*Servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida e roza das parcelas da finca de Mouriscade*”, de acordo co seguinte detalle:

Orzamento sen IVE:	40.834,20€
IVE (10 %):	4.083,42€
TOTAL IVE engadido:	44.917,62€

Os prezos unitarios de licitación son os seguintes:

LIN	Servizo	Cant.	Prezo unitario sen IVE
1	Ensilado de herba	50 Ha	455,30€/Ha
2	Sementado de millo	18 Ha	123,50 €/Ha
3	Ensilado de millo	18 Ha	386,00 €/Ha
4	Sementado de herba	20 Ha	123,50 €/Ha
5	Aplicación de herbicida	36 Ha	53,70 €/Ha
6	Carga e espaxado do esterco producido na Finca Mouriscade.	800 M ³	2,60 €/M ³
7	Roza das marxes das parcelas que integran a Finca Mouriscade	10 Km	241,50€/Ha

O prazo de execución será de 1 ano, contado desde a data sinalada no documento de formalización. En todo caso ata o 31/12/2024. Establécese a posibilidade de 2 prórrogas anuais.



O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 44.917,62€.

O valor estimado é de 122.502,60€.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: YRPFHZTAHOYI19E1) e de prescricións técnicas (CSV: QLYEYPN34SRNBBYV) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar a tramitación ordinaria do gasto polo importe máximo de 44.917,6€, con cargo á aplicación orzamentaria 24/410.4120.227.99 do ano 2024.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

4.33364.- AMPLIACIÓN DO PRAZO EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0104 RAMAL - IGREXA DE FIGUEIRIDO (VILABOÁ)”. (Expte. 2022074028)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, por un importe de 466.959,53 € e un prazo de execución de catro (4) meses.

Resultando.- Que con data 17/07/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 17/11/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/10/2023 acordou conceder á empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., unha ampliación de prazo de dous (2) meses, na execución do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 17/01/2024.

Resultando.- Que con data 20/12/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) meses, debido a que as condicións climatolóxicas adversas rexistradas dende outubro a decembro, con intensas choivas, impediu o rápido desenvolvemento dos traballos de recheo, compactación, instalación de caz, formación de subbase impedindo realizar os ensaios correspondentes e a compactación do material do recheo, resultando imposible realizar ningún traballo de formigonado.



Resultando.- Con data 09/01/2024 emitiu informe o director de obra recollendo que “...*Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, posto que entre mediados do mes de outubro e mediados do mes de decembro producíronse episodios de choiva constante e incluso torrencial, impedindo a realización de controis de calidade nos recheos, a colocación de parte do cañ e impedindo labores de formigonado. [...]. Considérase que o tempo perdido é de dous meses, polo que a prórroga que procede conceder para o prazo de execución da obra é de DOUS (2) MESES, ata o 17 de marzo de 2024...*”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) V5XV2XH163465WK3no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 17/03/2024.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adjudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prorroga da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adjudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adjudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L., para a adjudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na segunda prorroga da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, por un importe de 968,00 € IVE incluído.



Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: RZPD8FSTMU3DGPZU, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2021041512, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitiuse o documento RC nº 202400010292.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.*, unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 17/03/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa *Ingeniería y Prevencion de Riesgos, S.L* (CIF B81470841) Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na segunda prorrogada da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”. (Expte 2024001501), por un importe de 968,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	800,00 €
IVE (21 %).....	168,00 €
Importe total	968,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*” con efectos dende o 18/01/2024.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024001501.

- 5.33365.- VALIDACIÓN DOS INICIOS DA SUSPENSIÓN E DA EXECUCIÓN DA OBRA “ACTUALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E VENTILACIÓN DO PAZO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA” E APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 4 (Expte. 2020056692)

Por Resolución Presidencial RP número 2023004280 de data 29 de maio de 2023, adxudícase a obra “*Actualización das instalacións de climatización e ventilación do Pazo Provincial de Pontevedra*” á empresa Deseño, enxeñería e xestión de obras S.L. (B-94129368) importe de 96.418,45 € (IVE incluído) e cun prazo de execución de setenta e cinco días a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, segundo a RP número 2023004494 pola que se rectifica o prazo de execución do contrato.



A formalización do contrato realizouse en data 8/06/2023, dando comezo o prazo de 1 mes para asinar a correspondente acta de comprobación do replanteo.

En data 6/07/2023, asínase a acta de comprobación de replanteo negativa, polos seguintes motivos:

“Non se pode dar comezo ao inicio das obras:

1.- Pendente aprobación Plan Seguridade e Saúde.

2.- Suministro do equipo de climatización fóra de prazo (outubro 2023), valorando equipo equivalente que entre en prazo.”

Con data 23/08/2023 asínase entre o contratista e o director de obra, a acta de comprobación de replanteo.

Con data 27/10/2023 asínase a acta de paralización das obras polos seguintes motivos:

“Debido as inclemencias meteorolóxicas adversas que se están a dar, e a presión de que as precipitacións continúen, non é posible a execución dos traballos en cuberta.

Durante o tempo que persistan as choivas non é posible levar a cabo estas intervención, motivo polo que deben paralizarse as obras ata que as condición climáticas permitan remater os traballos en condicións axeitadas”.

Por Resolución Presidencial número 2023008397 de data 8/11/2023 se suspende totalmente a execución da obra “Actualización da instalación de climatización e ventilación do Pazo provincial”, con efectos desde o 27/10/2023. Solucionadas as causas que deron lugar a suspensión con data 24.11.2023 asínase acta de reinicio das obras, pola mellora das condicións meteorolóxicas, quedando 10 días para finalizar a obra.

Que en relación coa fiscalización da certificación nº 4, emitiu informe a Intervención en data 8/01/2024, e recolle a seguinte observación:

“Se ben consta no expediente unba acta de comprobación de trazado negativa, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras mes e medio despois da acta de comprobación de trazado negativa.

CONCLUSIÓN

Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto, ou, no seu caso, se concorren os requisitos legalmente esixidos, acordar a validación da suspensión.”

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio 2022, concretamente na base 17.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro: Validar o inicio da suspensión da execución do contrato das obras de Actualización das instalacións de climatización e ventilación do Pazo Provincial de Pontevedra de conformidade coa acta de replanteo negativa de data 6/07/2023 no que recolle a seguinte observación:

“Non se pode dar comezo ao inicio das obras: 1.- Pendente aprobación Plan Seguridade e Saúde 2. Subministración do equipo de climatización fóra de prazo (outubro 2023), valorando equipo equivalente que entre en prazo.”

Segundo: Validar o inicio da execución do contrato segundo acta de comprobación de replanteo positiva de data 23/08/2023.

Terceiro: Aprobar a certificación nº 4 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L.	Aplicación orzamentaria	Importe
(NIF B-94129368)	24/457-4500-622.03.2021	14.394,31€
SUBTOTAL		14.394,31€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	399,87€
Control de calidade (3% PEM Lic)		329,93€
Total descontos	Id.	729,80€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		13.664,51€

6.33366.- VALIDACIÓN DA PARALIZACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN E REINICIO DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 8004 CALDAS VILANOVIÑA PQ 0+000 AO PQ 8+213, CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS, VILANOVA DE AROUSA E MEIS”, E A APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS NÚMEROS 3 E 4. (EXPTE. 2022070657).

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 9 de xuño de 2023, acordou adjudicar á empresa *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.*, o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*”, por un importe de 945.641,57 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Con data 14/07/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 14/01/2024.



Con data 11/09/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre cento vinte e cinco (125) días para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que “*por mor da interferencia nas obras con servizos municipais afectados que a día de hoxe aínda non foron solventados...*”, o que procede é paralizar totalmente a execución das obras. Na acta recóllese que se atopan pendentes de executar o 100% das unidades de obra.

Desaparecidas as causas que motivaron a paralización das obras, asinouse por ámbalas partes a acta de reinicio de obras con data 16/10/2023.

Vistos os informes de Intervención, de data 07/12/2023 relativos ás certificacións núm. 3 por importe de 13.364,70 € e certificación núm. 4 por importe de 6.174,70€ da obra: “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*”, nos que se recolle a seguinte observación:

“Se ben consta no expediente unha acta de paralización de data 11/09/2023, non consta a aprobación da suspensión de execución do contrato.

Apréciase unha importante demora na expedición da certificación, xa que non cumpriu o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público)”

e conclúen en que “*Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto, ou, no seu caso, se concorren os requisitos legalmente esixidos, acordar a validación da suspensión”.*

Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “*1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observacións que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta.”*

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Validar a suspensión da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanova, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*”, recollida na acta de paralización asinada polo contratista e o director de obra en data 11/09/2023, “*por mor da interferencia nas obras con servizos municipais afectados que a día de hoxe aínda non foron solventados.*”
2. Validar o reinicio da execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanova, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*” recollida na acta de reinicio, de data 16/10/2023, unha vez solventadas as causas que deron lugar á suspensión.
3. Aprobar a certificación nº 3 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA MOVIMENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCIONES AROSA S.L.	Aplicación orzamentaria	Importe
(NIF B36533537)	23/456.4530.612.01.2022	13.364,70€
SUBTOTAL		13.364,70€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	371,27€
Control de calidade (3% PEM Lic)		306,83€
Total descontos	Id.	678,10€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		12.686,60€

4. Aprobar a certificación nº 4 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA MOVIMENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCIONES AROSA S.L.	Aplicación orzamentaria	Importe
(NIF B36533537)	23/456.4530.612.01.2022	6.174,70€
SUBTOTAL		6.174,70€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	171,53€
Control de calidade (3% PEM Lic)		141,76€
Total descontos	Id.	313,29€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		5.861,41€



7.33367.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE CAMBADOS RELATIVO AO INVESTIMENTO “MELLORA CAMIÑOS RURAIS EN CAMBADOS PC2022” INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, LIÑA 1. (Expte. 2022010841)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.31532, do 1 de abril de 2022, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 371.448,35 € ao *Concello de Cambados* co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora camiños rurais en cambados PC2022*” (Expte. 2022010841), cun orzamento que ascende a 371.448,35 euros, correspondendo 359.469,35 euros á execución de obra e 11.979,00 euros aos honorarios técnicos.

En data 09/12/2022 por acordo de Xunta de Goberno núm. 20.32383 é autorizado un cambio do proxecto que figura no expediente, non supoñendo este cambio unha modificación nin do seu orzamento nin da subvención inicialmente concedida.

En data 26/12/2023 con rexistro WEB2023070079, ten entrada no rexistro da Deputación, instancia do Concello de Cambados na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente, debido a unha serie de incidentes que non se tiveron en conta no proxecto adxudicado, en concreto no Lote 1, que afectan o camiño do Pardiño e o camiño de A Pedreira. Estas circunstancias fan preciso introducir novas unidades no proxecto inicial que supoñen un incremento do seu orzamento que será financiado con cargo á baixa de adxudicación.

O concello aporta o proxecto modificado aprobado polo órgano competente, co fin de ser autorizado este modificado por este organismo e poder o concello executar a obra e tramitar a posterior xustificación nos termos previstos.

Da documentación aportada se infire que a obra foi adxudicada por importe total de 312.291,58 €, cunha baixa teórica total (baixa de adxudicación) de 47.177,77 €.

O prezo total do proxecto modificado (prezo total de adxudicación) ascende a 323.839,52 € o que supón un incremento sobre a adxudicación inicial de 11.547,94 €, importe que será financiado con cargo á baixa de adxudicación.



Revisado o novo proxecto modificado, este non altera a finalidade nin o obxecto da subvención pero implica un incremento no importe total do seu orzamento pasando a ser de 372.804,16 €. Este incremento de 13.334,81 € representa un 3,71 %, do orzamento inicialmente presentado.

Precisar, respecto ao Lote 1, que o seu orzamento pasa a ser 220.323,72 € (variación do 6,44 %) e o prezo de adxudicación pasa a ser 190.800,33 € (incremento de 11.547,94 €). O incremento será financiado, como xa se indicou, con cargo á baixa de adxudicación.

O orzamento modificado total desagregado en gastos de execución de obra (323.839,52 €) e gastos por redacción de proxecto (11.979,00 €) ascendería a 335.818,52 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial , sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Base 20ª do Plan Concellos 2022-2023 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e pola Deputación. Non obstante, só se admitirán a trámite modificados que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE EXCLUIDO.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 08/01/2024, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 1/01/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado aportado en data 26/12/2023 con rexistro WEB2023070079 do investimento denominado “*Mellora camiños rurais en Cambados PC2022*” (Expte. 2022010841), do *Concello de Cambados* con incremento do seu orzamento, pasando a ser 372.804,16 €.
- Autorizar a financiación do incremento do seu prezo de adxudicación que importa 11.547,94 € con cargo á súa baixa de adxudicación.
- Ademais tal e como estaba indicado no acordo 20.32383 de 09 de decembro de 2022, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable do Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, de Augas de Galicia, do Servizo Provincial de Costas, do Instituto de Estudos do Territorio (IET), de Portos de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Consellería do Medio Rural de Pontevedra, por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, polo que é imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 30 de setembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de outubro de 2024 en base a prórroga do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022) publicada no BOPPO núm. 229 de 28 de novembro de 2023. O investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cambados*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



8.33368.- CAMBIO DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 21/04/2023 (Nº 18.32578), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO ACTUACIONES CONGOSTRA II, ZV A FACHA Y PISTA MORANO-A BREA (1) FD” (EXPTE. 2023006720)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

En data 21/04/2023, mediante acordo núm. 18.32578 da Xunta de Goberno provincial concedeuse ao *Concello de Campo Lameiro*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención para o investimento “*Proxecto actuacións congostra II, ZV A Facha e Pista Morano- A Brea (1)_Fd*” (Expte.2023006720) tal como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	192.801,70 €	192.801,70 €	0,00 €

A concesión da subvención quedou condicionada á obtención da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e á achega do decreto de aprobación do proxecto presentado.

O *Concello de Campo Lameiro*, en data 21/11/2023 presenta instancia por rexistro WEB2023064142 na que manifesta que se ve na necesidade de realizar un cambio de proxecto dado que unha das actuacións que se recollen no investimento “*Proxecto actuacións congostra II, ZV A Facha e Pista Morano- A Brea (1)_Fd*” que afecta á Zona Verde (ZV) do Parque Empresarial da Facha está supeditada na actualidade a unha modificación urbanística do Plan de Sectorización do Parque Empresarial e que afecta directamente á zona a intervir co proxecto inicialmente achegado.



Por ese motivo, propónse excluír a actuación referida á zona verde do Polígono empresarial de A Facha e substituíla por unha actuación urxente no camiño que se corresponde co activo 1C.1.0091 (Camiño Praderrei) dado o significativo deterioro da capa de rodadura, afundimentos, deterioros motivados pola acción da raíces da arborada etc... provocando perigo e inseguridade na zona coas conseguíntes queixas veciñais polo que o concello ante esta situación se ve na obriga de sanear o camiño e proceder despois a súa pavimentación.

Neste contexto, o Concello presenta un novo proxecto técnico denominado “*Proxecto actuacións congostra II, Camiño Praderrei e Pista Moraño- A Brea (1)_Fd*” aprobado polo órgano competente adaptado a nova situación no que se exclúe a zona verde do Parque empresarial de A Facha e se inclúe o camiño de Praderrei, solicitando que se tramite o cambio de proxecto de xeito que o investimento poida se executado nos termos establecidos polo concello.

O Concello presenta informe da normativa sectorial que se precisa para executar este novo camiño no proxecto “*Proxecto actuacións congostra II, Camiño Praderrei e Pista Moraño- A Brea (1)_Fd*”, de forma que, ademais da comunicación previa formulada ante a Zona Hidrográfica de Galicia Sur, precisa das autorizacións sectoriais seguintes para executar a obra: autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), autorización da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a autorización da Consellería do Medio Rural. Ademais o concello deberá achegar a acta de trazado previo debidamente cumprimentada e adaptada á nova situación plantexada.

A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios emendado en data 09/01/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostíbeis polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estímen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación emendado en data 09/01/2024 e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/12/2023 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2023006720, polo achegado en data 22/11/2023 con rexistro núm. WEB2023064367, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 18.32578, do día 21/04/2023 polo que se concede ao *Concello de Campo Lameiro*, CIF:P3600700C, a cantidade de 192.801,70 € con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto actuacións Congostra II, ZV A Facha e Pista Moraño-A Brea (1)_FD*” cun orzamento polo mesmo importe.
- O novo proxecto presentado pasa a denominarse “*Proxecto actuacións congostra II, Camiño Praderrei e Pista Moraño-A Brea (1)_Fd*”, non modifica o orzamento orixinal e co mesmo entendese que non se prexudican dereitos de terceiros.
- Deixar constancia que o concello deberá achega xunto coa primeira xustificación da axuda económica a resolución favorable da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Consellería do Medio Rural, así como a acta de trazado previo debidamente cumprimentada que contemple á nova situación.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 18.32578, do día 21/04/2023, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Campo Lameiro*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



9.33369.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2024000957 e 2024001742)

a) Vista a relación de facturas con número 2024000957, que contén 20 facturas e por un importe de 14.055,91€ e con CSV: NYSFZ26WU5N2A1CV, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 05/01/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	14.055,91€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	14.055,91€

b) Vista a relación de facturas con número 2024001742, que contén 89 facturas e por un importe de 48.559,39€ e con CSV: B4O859ZBVZ3RPZ2Y, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 11/01/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos,, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	49.467,35€
Descontos do IRPF.....	907,96€
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	48.559,39€

10.33370.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN NÚM. 6 DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 7204 SOUTELO-RATEL, DENDE O PQ 5+000 AO PQ 9+429 (CONCELLO DE FORCAREI)”. (Expte.2023000984)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 9 de xuño de 2023, adjudicou a obra “Mellora da seguridade viaria na EP 7204 Soutelo-Ratel, dende o PQ 5+000 ao PQ 9+429 (Concello de Forcarei)” á empresa “Construcciones EC Casas, SL” (NIF:B36147429) por importe total de 333.696,39 € (IVE incluído) e cun prazo de execución de catro (4) meses.



En data 02/11/2023 o contratista achegou a través do Rexistro electrónico de entrada da Deputación, a acta de paralización da obra solicitando a suspensión por mor da climatoloxía adversa derivada dos temporais dos últimos meses do ano con efectos dende o 2 de novembro de 2023.

Posteriormente, en data 20/11/2023 achega a acta de reinicio das obras con efectos dende esta mesma data, na que fai constar que *“por mor da climatoloxía propia desta época do ano, suspendéranse as obras con data 2 de novembro de 2023, por non ser posible realizar nesas condicións as unidades de obra do contrato. Sen embargo, o prognóstico meteorolóxico para esta semana é favorable, o cal xunto coa dispoñibilidade de medios da que dispón o contratista para traballar neste semana, propicia que se levante acta de reinicio de obras actuación consiste na reparación da estrada e a mellora da capa de rodaxe, mediante o fresado e posterior reposición do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, realizarase a sinalización horizontal e vertical do tramo afectado”*.

Non consta no expediente a aprobación da suspensión da execución do contrato pola Xunta de Goberno da Corporación Provincial.

Remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 6, esta devólvea en data 12/01/2024 con base a que *“dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”*.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilma. Presidenta para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

- Certificación núm. 6 da obra *“Mellora da seguranza viaria na EP 7204 Soutelo-Ratel, dende o PQ 5+000 ao PQ 9+429 (Concello de Forcarei)”*, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL (NIF B36147429)	24/456-4530-612.01.2022	9.732,16 €
	Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	270,36 €
	Control de calidade (3% P.E.M. lic)	219,45 €
	Total descontos	489,81 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR	9.242,35 €



11.33371.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN SODINÁUTICA, DO CONCELLO DE CANGAS, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REPARACIÓN DO GALEÓN "CASILDA UN", APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 19/05/2023. (Expte. 2023023818)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2023, aprobou as Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (acordo núm. 2.32260), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 27 de febreiro de 2023 (BOPPO núm. 40).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria do 19 de maio de 2023 (acordo núm. 4.32646), concederlle á Asociación Sodináutica, con CIF: G36796142, do Concello de Cangas, unha subvención de 2.720,00 € para a reparación do galeón "Casilda Un", con cargo á aplicación 24/332.3322.789.01.2023 do vixente Orzamento provincial.

Con data 29 de decembro de 2023, número de rexistro WEB2023070689, a Asociación Sodináutica presenta renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de xustificar a dita subvención no prazo establecido na convocatoria.

Con data 3 de xaneiro de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención.

Con data 11 de xaneiro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 13ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.
- Petición e evacuación de informes:
- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓN

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).



Con suxeición ao antedito, a Asociación Sodináutica presenta, o 29 de decembro de 2023, a solicitude formal de renuncia á subvención para a reparación do galeón "Casilda Un", ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 3 de xaneiro de 2024 (CSV:5IBU40GKPR943MTF) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 11 de xaneiro de 2024 (CSV:2L54I4TLBJX1GD5M), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da Asociación Sodináutica á subvención concedida para a reparación do galeón "Casilda Un", ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2023.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á Asociación Sodináutica, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

12.33372.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CD MINAUTA POR "XI ENCONTRO PATRONS RÍA DE VIGO" APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE XULLO DE 2023. (Expte. 2023023552)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/23 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (Expte. 2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/23.

Segundo.- En data 26/03/23 Oswaldo José Manuel Davila Piñeiro, en representación do CD Minauta (NIF: G36834240) presenta solicitude para o "XI Encontro Patróns Ría de Vigo", achegando un orzamento da actividade por importe de 3.082,64 €.

Terceiro.- En data 28/07/22 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/23 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura o CD Minauta (NIF: G36834240) e na contía de 334,71 € para a actividade solicitada.



Cuarto.- En data 29/12/23 Oswaldo José Manuel Davila Piñeiro, en representación do CD Minauta (NIF: G36834240) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida sinalando que non se puido xustificar o pagamento ao non celebrase na data prevista o evento obxecto da solicitude da subvención.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11.01.24 a renuncia presentada por CD Minauta (NIF: G36834240).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada por CD Minauta (NIF: G36834240) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 334,71 € para a realización de actividades do “X Encontro Patróns Ría de Vigo” (documento co CSV: F9XYJKYXOC2WMVJG).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

13.33373.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CREACCIONA CUM LAUDE POR “CIRCUITO INTERNACIONAL 2º GRAND PRIX O GROVE” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE XULLO DE 2023. (EXPTE.2023016816)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/23 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (expediente 2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/23.

Segundo.- En data 08.03.23 José Manuel Prol Lusquiños, en representación do *Creacciona Cum Laude* (NIF:G70514674) presenta solicitude para o “Circuito Internacional 2º Grand Prix O Grove”, achegando un orzamento da actividade por importe de 15.230,00 €.



Terceiro.- En data 28/07/22 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/23 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura o *Creaciona Cum Laude* (NIF: G70514674) e na contía de 1.653,67 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 08/01/24 José Manuel Prol Lusquiños, en representación do *Creaciona Cum Laude* (NIF: G70514674) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida sinalando que non se puido xustificar o pagamento ao non celebrarse o evento por varios motivos obxecto da solicitude da subvención.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11/01/24 a renuncia presentada por *Creaciona Cum Laude* (NIF: G70514674).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada por *Creaciona Cum Laude* (NIF: G70514674) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.653,67 € para a realización de actividades do “*Circuito Internacional 2º Grand Prix O Grove*” (documento co CSV: L04YQHSJQSP6YHGP).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

14.33374.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN CULTURAL E ETNOGRÁFICA SAN CIBRÁN, DO CONCELLO DE MONDARIZ, PARA O PROXECTO “PUBLICACIÓN DE RECUPERACIÓN DA TOPONIMIA DA PARROQUIA DE MOURISCADOS (MONDARIZ)”, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURALS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA DO ANO 2023. (Expte. 2023023218)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as “*Bases de subvencións dirixidas ás entidades sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023*” (Acordo núm. 5.32484), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 38 de 23 de febreiro de 2023.



Ao amparo de dita convocatoria, a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 4 de agosto de 2023 (Acordo núm. 18.32887) acordou concederlle à *Asociación Cultural e Etnográfica San Cibrán*, con CIF G94020856, unha subvención de 3.495,00 € para o programa “*Publicación de recuperación da toponimia da parroquia de Mouriscados (Mondariz)*”.

Con data 29 de novembro de 2023 e número de rexistro WEB2023065753, a Asociación Cultural e Etnográfica San Cibrán presenta renuncia á subvención concedida no seu día, xa que non puideron levar a cabo a actividade.

Con data 01/12/2023 o Xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa dita proposta renuncia, solicitando dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data 18/12/2023 a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, correspondéndolle ao seu Xefe a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

REXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da renuncia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).



Con suxeición ao antedito, a *Asociación Cultural e Etnográfica San Cibrán* presenta, en data 29/11/2023 a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 para o programa “Publicación de recuperación da toponimia da parroquia de Mouriscados (Mondariz)”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informe do xefe do servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, de data 01/12/2023 (CSV: UZJRTX5RLYWJHOG7) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, de data 18/12/2023 (CSV: YXW06FM895DDNGRO), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da Asociación Cultural e Etnográfica San Cibrán á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 para o programa “*Publicación de recuperación da toponimia da parroquia de Mouriscados (Mondariz)*”. (Expte. 2023023218).
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á Asociación Cultural e Etnográfica San Cibrán, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.

15.33375.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLO DE CUNTIS PARA O PROXECTO #FAIOGALEGOVIRAL, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA DO ANO 2023.
(Expte.2023021839)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as Bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 (Acordo núm. 6.32485), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 38 de 23 de febreiro de 2023.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 9 de xuño de 2023 (Acordo núm. 4.32723), concederlle ao *Concello de Cuntis*, con CIF P-36 015 00-F, unha subvención de 2.529,83 euros para o programa #Faiogalegoviral.



Con data de 20 de decembro de 2023 e número de rexistro WEB2023069345, o Concello de Cuntis presenta renuncia á subvención concedida no seu día, xa que non puideron levar a cabo a actividade.

Con data de 21 de decembro de 2023, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 11 de xaneiro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.



Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o *Concello de Cuntis* presenta, en data de 20 de decembro de 2023, a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 para o programa #Faiogalegoviral.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 21 de decembro de 2023 (CSV: UVRW27II24PJR2ZX) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 11 de xaneiro de 2024 (CSV: ROTAM5PZNOGL507B), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Cuntis* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano para o programa #Faiogalegoviral. (Expte. 2023021839).
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.



16.33376.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.33377.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

18.33378.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

